

TRABALLO DE LECTURA

4º ESO

2ª Avaliación 2008-09

1. Deberedes ler o libro *Poetízate* de Fran Alonso. Ed. Xerais.
2. O traballo será puntuado sobre 10 puntos. A ortografía e a presentación son partes fundamentais e a súa corrección verase reflectida na nota. O traballo deberá constar de portada, índice, os enunciados das distintas cuestións e as súas respostas.
3. A data de entrega do traballo será o 2 de febreiro de 2009.

CUESTIÓNS PARA O TRABALLO

1. **Cubride os ocos do seguinte esquema cronolóxico cos autores, autoras e obras que falten.**

1. SÉCULO XIX :

_____ : *Follas novas*
Eduardo Pondal : _____
_____ : *Aires da miña terra.*

2. POESÍA DE PREGUERRA:

_____ : *A rosa de cen follas*
_____ : *Sombra do aire na herba*
Manuel Antonio : _____
_____ : *Cantiga nova que se chama Riveira*

3. POESÍA DE POSGUERRA:

Antón Tovar : _____
_____ : *Longa noite de pedra.*

4. POESÍA DA XERACIÓN DOS 50:

Uxío Novoneyra : _____
_____ : *Terra chá*
_____ : *Himno verde*
_____ : *Con pólvora e magnolias*

5. POETAS DOS 80:

_____	:	<i>Ningún cisne</i>
Xulio Valcárcel	:	_____
Claudio Rodríguez Fer	:	_____
_____	:	<i>Capitán inverno.</i>
Rompente	:	_____
_____	:	<i>Sétima soidade</i>
Lois Pereiro	:	_____

6. POETAS DOS 90:

Miro Villar	:	_____
_____	:	<i>Choiva, vapor e velocidade</i>
Kiko Neves	:	_____
_____	:	<i>Pornografía</i>
Olga Novo	:	_____
_____	:	<i>Elevar as pálpebras</i>
Daniel Salgado	:	_____

2. Localizade os poemas que sirvan para exemplificar os seguintes bloques temáticos (indica o título e o autor ou autora)

A) A LINGUA:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.

B) A POESÍA E OS POETAS:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.

C) VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES:

- 1.
- 2.

D) EROTISMO:

- 1.
- 2.

E) AMOR:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.

F) DESAMOR:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.

- 3. Escolle un poema de cada unha das etapas sinaladas na cuestión nº1 (en total 6 poemas) responde as seguintes cuestións sobre cada un deles:**
 - a) Datos básicos do autor ou autora do poema.
 - b) Explica o contido do poema e logo indica o seu tema.
 - c) Explica por que seleccionaches este poema.

- 4. Hai poemas que empregan técnicas formais especiais como son os caligramas (páxs. 39, 73 e 79), os palíndromos (páxs. 126 e 127) o acróstico (páx. 140) e as diferentes letras do abecedario (páx. 184). Escríbide vós un poema empregando algún destes procedementos técnicos.**

- 5. Na páxina 156 figura o poema titulado “ Autopoética” do colectivo Ronseltz; se o ledes con atención observades que está “incompleto”. Debedes crear a vosa propia autopoética completando o que falta. Tede en conta o que se di nos dous últimos versos; poderedes cambiar o verso “o pensamento dun famoso xogador do Deportivo” e adaptalo ao que vós queirades.**

- 6. Escollede agora un poema e expresádeo visualmente. Podedes empregar todas as técnicas, materiais e recursos que queirades. (Opcional)**